

**Resolución da convocatoria de 8 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, do proxecto BIBLIOTECA CREATIVA para curso 2021/22, para apoiar a cultura da experimentación, a creación e a investigación, en espazos creativos e cooperativos no seo das bibliotecas escolares dos centros que matriculan alumnado de educación infantil e primaria, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, para curso 2021/2022**

Con data 8 de outubro de 2021 a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública, a través do Portal Educativo, a convocatoria do Proxecto Biblioteca Creativa, que vai destinada a apoiar as transformacións das bibliotecas escolares acollendo todo tipo de actividades nas que as persoas usuarias (neste caso, alumnado, profesorado e familias) poden atoparse para pensar, deseñar, facer, construír e aprender xuntas, na liña dos *makerspaces* ou dos laboratorios de ideas, coa incorporación dos equipamentos necesarios para a dotación de recunchos creativos. Na actualidade, as bibliotecas escolares contemplan todo tipo de linguaxes (oral, escrita, icónica, audiovisual, artística...) e posibilitan ao alumnado múltiples oportunidades de aprendizaxe, de expresión e de creación. Neste contexto de alfabetización múltiple continúaase co programa deseñado en 2016, destinado a introducir nas bibliotecas escolares unha nova linguaxe, a de programación, e outros medios propios da cultura *maker* (“faino por ti mesmo”) en actividades destinadas a mellorar a comunicación lingüística do alumnado, a expresión oral, o razoamento lóxico, a creatividade, o traballo colaborativo, a investigación, a aprendizaxe manipulativa e o xogo.

A convocatoria dirixíase aos centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares durante o curso 2021/22 (agás os incorporados ao PLAMBE na última convocatoria), que matriculan alumnado de ensino infantil e primario. Contemplaba a incorporación de 25 novos centros a este proxecto así como a continuidade dos centros que xa puxeron en marcha este programa en anteriores convocatorias, previa solicitude e valoración positiva da memoria de actividades correspondente.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes polos centros interesados, con data 8 de novembro de 2021 reuniuse a comisión de valoración prevista no apartado 4 da convocatoria e elaborou unha proposta de selección de centros, tras analizar que todas as solicitudes compren os requisitos esixidos e segundo os criterios previstos:

- Centros integrados na fase anterior do proxecto:  
Valoración acadada pola memoria de desenvolvemento do proxecto “Biblioteca creativa”, no curso 2020/2021, e dos recursos elaborados.
- Centros de nova incorporación:
  1. Valoración acadada pola memoria PLAMBE do pasado curso 2020/2021; terán prioridade aqueles centros que presentan unha actividade media-alta.
  2. Localización: procurárase unha distribución axeitada polo territorio galego e reservárase un mínimo dun terzo das prazas dispoñibles para centros situados en concellos de ámbito rural.

De acordo coa proposta formulada por esta comisión de valoración e de conformidade cos apartados 1, 3 e 4 do texto da convocatoria,



RESOLVO:

Primeiro.- Seleccionar de entre as solicitudes de incorporación presentadas que se axustan aos requisitos da convocatoria e tendo en conta os criterios previstos, un total de **25** centros para a súa participación no proxecto Biblioteca Creativa para o curso 2021/22. A relación aparece recollida no anexo I desta resolución coa especificación de “nova incorporación”. As actividades derivadas da participación nesta iniciativa deberán integrarse na dinámica da biblioteca escolar do centro. Recibirán os materiais necesarios para a posta en marcha desta iniciativa, que pasarán a formar parte do equipamento da biblioteca.

Segundo.- Admitir a continuidade de todos os centros integrados no Proxecto Biblioteca Creativa, de anteriores convocatorias, que presentaron a correspondente solicitude, á vista das memorias de actividades do curso anterior, e que aparecen reflectidos no anexo II. Recibirán as asignacións correspondentes, con destino a que se detalla no devandito anexo segundo a antigüidade no programa, tal e como se recolle no apartado 1 punto 4 da convocatoria deste programa.

Terceiro.- A persoa responsable da biblioteca en cada centro deberá coordinar e garantir a integración desta iniciativa na programación anual da biblioteca escolar. Xunto co equipo de biblioteca e a dirección do centro establecerán as medidas oportunas para o desenvolvemento do proxecto nos distintos escenarios posibles, respectando as instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para a organización e funcionamento das bibliotecas escolares, do curso 2021/22.

Cuarto.-A persoa designada por estes centros para participar na actividade formativa prevista na convocatoria de 8 de outubro de 2021 (responsable ou integrante do equipo de biblioteca), será convocada á unha xornada presencial, organizada pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en colaboración co Servizo de Formación do Profesorado (CAFI), cunha duración total de 8 horas e que dará dereito á correspondente certificación. Os asistentes recibirán formación inicial necesaria, así como as pautas para o desenvolvemento do proxecto no contexto da biblioteca escolar. A ausencia non xustificada a esta actividade exclúe da participación no proxecto.

Quinto.- Con data límite do 30 de xuño de 2022 os centros participantes deberán contribuír coas súas valoracións (nun impreso que se facilitará) á elaboración dun informe final deste proxecto piloto, que se difundirá a través dos espazos web desta consellería. Así mesmo, cada centro presentará unha breve memoria de actividades levadas a cabo durante o transcurso do proxecto (máximo tres páxinas con apoio fotográfico como anexo). Xunto coa memoria entregárase unha xustificación económica segundo modelo que se facilitará previamente.

Esta documentación (en formato PDF) deberá dirixirse ao seguinte enderezo:  
<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=bibliotecacreativa2122/memoria>

Sexto.- Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Cando os centros fagan difusión dos traballos realizados no contexto do programa Biblioteca Creativa nos seus espazos web, deberán indicar a súa participación neste proxecto da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coa utilización do logo do programa que lles será remitido desde esta dirección xeral.

Santiago de Compostela (sinatura dixital)

O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

*Jesús Manuel Álvarez Bértolo*



### Anexo I – Centros de nova incorporación. Curso 2021/2022

Código	Centro	Concello	Provincia	Asignación
15026637	CEIP de Barouta	Ames	A Coruña	1.000,00 €
15005701	CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma	Coruña, A	A Coruña	1.000,00 €
15027708	CEIP Plurilingüe Ría do Burgo	Culleredo	A Coruña	1.000,00 €
15005932	CEIP de Curtis	Curtis	A Coruña	1.000,00 €
15011026	CEIP Plurilingüe da Rabadeira	Oleiros	A Coruña	1.000,00 €
15016292	CEIP Mestre Rodríguez Xixirei	Santiago de Compostela	A Coruña	1.000,00 €
27000541	CEIP San Miguel de Reinante Barreiros	Barreiros	Lugo	1.000,00 €
27002997	CPI Plurilingüe Virxe do Monte	Cospeito	Lugo	1.000,00 €
27011639	CEIP Otero Pedrayo	Rábade	Lugo	1.000,00 €
27016406	CEIP Plurilingüe de Covas	Viveiro	Lugo	1.000,00 €
32000356	CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo	Amoeiro	Ourense	1.000,00 €
32016327	CEIP A Ponte	Ourense	Ourense	1.000,00 €
32008835	CEIP Curros Enríquez	Ourense	Ourense	1.000,00 €
36000685	CEIP Pedro Antonio Cerviño	Campo Lameiro	Pontevedra	1.000,00 €
36001057	CEIP do Hío	Cangas	Pontevedra	1.000,00 €
36000934	CEIP do Castrillón-Coiro	Cangas	Pontevedra	1.000,00 €
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	Pontevedra	1.000,00 €
36004484	CEIP da Laxe	Marín	Pontevedra	1.000,00 €
36019441	CEIP de Petelos	Mos	Pontevedra	1.000,00 €
36016620	CEIP da Cruz	Nigrán	Pontevedra	1.000,00 €
36014817	CEIP Plurilingüe da Igrexa-Chapela	Redondela	Pontevedra	1.000,00 €
36010691	CEP Plurilingüe Igrexa-Valadares	Vigo	Pontevedra	1.000,00 €
36010733	CEE Saladino Cortizo	Vigo	Pontevedra	1.000,00 €
36010071	CEIP Plurilingüe Santa Mariña	Vigo	Pontevedra	1.000,00 €
36015366	CEIP Plurilingüe O Pombal	Vigo	Pontevedra	1.000,00 €



Anexo II- Centros de continuidade. Curso 2021/22

Código	Centro	Concello	Provincia	Obradoiro	Espazo Creat
15000016	CEIP Plurilingüe San Marcos	Abegondo	A Coruña	600,00 €	
15020933	EEl de Barrionovo	Arteixo	A Coruña	600,00 €	
15001070	CPI de Cruz do Sar	Bergondo	A Coruña	600,00 €	
15032426	CEIP Plurilingüe Graxal	Cambre	A Coruña		1.000,00 €
15020969	CEIP Plurilingüe Mosteiro de Caaveiro	Capela, A	A Coruña		1.000,00 €
15003054	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	A Coruña	600,00 €	
15003534	CEIP da Barqueira	Cerdido	A Coruña		1.000,00 €
15002670	CEIP Canosa-Rus	Coristanco	A Coruña	600,00 €	
15021627	CEIP Emilia Pardo Bazán	Coruña, A	A Coruña		1.000,00 €
15021792	CEIP Salgado Torres	Coruña, A	A Coruña		1.000,00 €
15032480	CRA de Culleredo	Culleredo	A Coruña	600,00 €	
15021809	CEIP Sofía Casanova	Culleredo	A Coruña		1.000,00 €
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	A Coruña	600,00 €	
15022981	CEIP Plurilingüe de Centieiras	Fene	A Coruña		1.000,00 €
15024227	CEIP de Pazos	Ferrol	A Coruña		1.000,00 €
15007655	CEIP de Caión	Laracha, A	A Coruña		1.000,00 €
15026765	CEIP Milladoiro	Malpica de Bergantiños	A Coruña	600,00 €	
15008714	CPI Plurilingüe da Picota	Mazaricos	A Coruña	600,00 €	
15009081	CEIP de San Ramón	Moeche	A Coruña	600,00 €	
15009241	CPI Plurilingüe Virxe da Cela	Mugero	A Coruña		1.000,00 €
15009391	CEIP Santiago Apóstolo	Mugardos	A Coruña	600,00 €	
15024951	CEIP Plurilingüe de Louro	Muros	A Coruña		1.000,00 €
15024239	CEIP dos Muíños	Muxía	A Coruña		1.000,00 €
15032911	CEIP Juana de Vega	Oleiros	A Coruña		1.000,00 €
15033101	CEIP Plurilingüe de Outes	Outes	A Coruña		1.000,00 €
15013591	CEIP Plurilingüe Santa María	Pontes de García Rodríguez, As	A Coruña		1.000,00 €
15014180	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Rianxo	A Coruña	600,00 €	
15023430	CEP Xosé María Brea Segade	Rianxo	A Coruña	600,00 €	
15014957	CPI de San Sadumiño	San Sadumiño	A Coruña	600,00 €	
15026777	CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña	Santa Comba	A Coruña	600,00 €	
15022589	CEIP Lamas de Abade	Santiago de Compostela	A Coruña		1.000,00 €
15027502	CEE Manuel López Navalón	Santiago de Compostela	A Coruña		1.000,00 €
15015676	CEIP de Prácticas López Ferreiro	Santiago de Compostela	A Coruña		1.000,00 €
15020921	CEIP de Présaras	Vilasantar	A Coruña	600,00 €	
15026789	CEIP Baíñas	Vimianzo	A Coruña	600,00 €	
15019086	CEIP Labarta Pose	Zas	A Coruña		1.000,00 €
27007958	CPI Luís Díaz Moreno	Baralla	Lugo		1.000,00 €
27001609	CEIP Ramón Falcón	Castro de Rei	Lugo	600,00 €	
27002249	CPI Plurilingüe de Castroverde	Castroverde	Lugo	600,00 €	
27015301	CEIP de Cervo	Cervo	Lugo	600,00 €	
27004428	CEIP Plurilingüe de Foz nº 1	Foz	Lugo		1.000,00 €
27009050	CEIP Plurilingüe Monte Baliño	Pantón	Lugo		1.000,00 €
27010155	CEIP da Pobra de Brollón	Pobra do Brollón, A	Lugo	600,00 €	
27010325	CEIP Plurilingüe da Pontenova	Pontenova, A	Lugo	600,00 €	
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	Lugo	600,00 €	
27012450	CPI Dr. López Suárez	Saviñao, O	Lugo		1.000,00 €
27012474	CEIP Plurilingüe Virxe do Carne	Sober	Lugo	600,00 €	
27012826	CEIP Plurilingüe Santa María do Valadouro	Valadouro, O	Lugo	600,00 €	
27016674	CEP Luís Tobío	Viveiro	Lugo		1.000,00 €
27014100	EEl San Roque	Viveiro	Lugo		1.000,00 €





Código	Centro	Concello	Provincia	Obradoiro	Espazo Creat
32000708	CEIP Virxe de Guadalupe	Avión	Ourense	600,00 €	
32015116	CEIP Plurilingüe Condasa de Fenosa	Barco de Valdeorras, O	Ourense	600,00 €	
32002122	CEIP Nosa Señora de Xuvecos	Boborás	Ourense		1.000,00 €
32002951	CEIP Plurilingüe Calvo Sotelo	Carballiño, O	Ourense	600,00 €	
32003771	CEIP Plurilingüe Curros Enríquez	Celanova	Ourense	600,00 €	
32006358	CEIP Plurilingüe do Xurés	Lobios	Ourense		1.000,00 €
32015220	CEIP Vistahermosa	Ourense	Ourense		1.000,00 €
32016029	CEIP Plurilingüe Ben-Cho-Shey	Pereiro de Aguiar, O	Ourense	600,00 €	
32010601	CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso	Pobra de Trives, A	Ourense	600,00 €	
32014151	CEIP Plurilingüe de Vilar de Barrio	Vilar de Barrio	Ourense	600,00 €	
32004829	CEIP Rosalía de Castro	Xinzo de Limia	Ourense	600,00 €	
36000375	CEIP Plurilingüe da Torre-Cela	Bueu	Pontevedra	600,00 €	
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	Pontevedra		1.000,00 €
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	Pontevedra	600,00 €	
36000508	CEIP Plurilingüe de Castrelo	Cambados	Pontevedra		1.000,00 €
36001550	CEIP Plurilingüe de Carballedo	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	600,00 €	
36013618	CEIP de Figueiroa	Estrada, A	Pontevedra	600,00 €	
36002773	CEIP do Foxo	Estrada, A	Pontevedra	600,00 €	
36002347	CEIP Pérez Viondi	Estrada, A	Pontevedra		1.000,00 €
36003832	CEIP Valle-Inclán	Grove, O	Pontevedra	600,00 €	
36018653	CEIP Plurilingüe As Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo	Guarda, A	Pontevedra	600,00 €	
36014611	CEIP A Lama	Lama, A	Pontevedra	600,00 €	
36004681	CEIP de Seixo	Marín	Pontevedra	600,00 €	
36015871	CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas	Meaño	Pontevedra	600,00 €	
36016607	CEIP de Quintela	Moaña	Pontevedra	600,00 €	
36013552	CEIP de Seara	Moaña	Pontevedra	600,00 €	
36013564	CEIP Plurilingüe Pena de Francia	Mos	Pontevedra	600,00 €	
36015202	CEIP de Lourido	Poio	Pontevedra	600,00 €	
36007060	CEIP Plurilingüe de Chancelas	Poio	Pontevedra		1.000,00 €
36016942	CEIP de Santiago de Oliveira	Ponteareas	Pontevedra		1.000,00 €
36007497	CEIP Nosa Señora dos Remedios	Ponteareas	Pontevedra		1.000,00 €
36017715	CEIP Plurilingüe Antonio Palacios	Porriño, O	Pontevedra		1.000,00 €
36017685	CEIP Plurilingüe da Ribeira	Porriño, O	Pontevedra		1.000,00 €
36007631	CEIP Plurilingüe de Porto Cabeiro	Redondela	Pontevedra		1.000,00 €
36013576	CPI Manuel Suárez Marquier	Rosal, O	Pontevedra		1.000,00 €
36024173	CRA María Zambrano	Rosal, O	Pontevedra		1.000,00 €
36014738	CEIP de Leirado	Salvaterra de Miño	Pontevedra	600,00 €	
36009032	CEIP Ramón de Valenzuela	Silleda	Pontevedra	600,00 €	
36018471	CEIP de Rebordáns	Tui	Pontevedra	600,00 €	
36024112	CRA Mestra Clara Torres	Tui	Pontevedra	600,00 €	
36009846	CEIP Plurilingüe Nº 1	Tui	Pontevedra		1.000,00 €
36010460	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Vigo	Pontevedra		1.000,00 €
36017697	CEIP Escultor Acuña	Vigo	Pontevedra		1.000,00 €
36010101	CEIP O Sello	Vigo	Pontevedra		1.000,00 €
36016051	CEIP Seis do Nadal	Vigo	Pontevedra		1.000,00 €
36010009	CEIP Virxe do Rocío	Vigo	Pontevedra		1.000,00 €
36010241	CEIP Illas Cíes	Vigo	Pontevedra		1.000,00 €
36015251	CEIP Plurilingüe Frián-Teis	Vigo	Pontevedra		1.000,00 €
36012377	CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas	Vila de Cruces	Pontevedra		1.000,00 €
36012407	CEIP A Lomba	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra		1.000,00 €

